

A miña voz conta

Ficha de actividade para traballar a participación infantil e adolescente a través dunha dinámica breve de reflexión, diálogo e recollida de propostas.

Tipo de recurso	Ficha de actividade
Dirixido a	Grupos de infancia e adolescencia
Formato	PDF descargable

Obxectivo

Traballar a importancia da participación infantil e adolescente e recoller propostas sobre cuestións que afectan ao grupo.

Idade recomendada

A partir de 10 anos. Adaptable a outras idades.

Duración aproximada

45-60 minutos.

Materiais

Folios, rotuladores, tarxetas adhesivas ou papel continuo.

Desenvolvemento

1. Pregunta de inicio

A persoa dinamizadora lanza unha pregunta ao grupo:

- En que cousas cres que deberían escoitar máis a opinión dos nenos, nenas e adolescentes?

Cada participante escribe ou debuxa unha idea.

2. Traballo en pequeno grupo

En grupos de 3 ou 4 persoas, comparten as súas respostas e escollen dúas ideas que consideren importantes.

3. Mapa de voces

Cada grupo coloca as súas ideas nun mural común. As propostas poden agruparse por temas:

- Escola
- Familia
- Barrio ou concello
- Entidades ou actividades
- Redes sociais
- Saúde e benestar
- Bo trato

4. Priorización

Cada persoa escolle as tres propostas que considera máis importantes.

5. Peche

O grupo responde:

- Que proposta debería escoitar unha persoa adulta?
- Que cambiaría se se tivese en conta a nosa opinión?
- Como queremos que se recollan as nosas ideas?

Resultado esperado

Un mural ou documento con propostas do grupo.

**A participación non remata cando damos a nosa opinión.
Tamén é importante saber que se fará con ela.**

